

2.5. EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Podemos achegarnos á modernidade con rapidez se levamos a cabo unha especial aceleración en dous factores de competitividade esenciais: o impulso á I+D+i e a incorporación a sociedade da información, grandes fendas que supoñen agora mesmo senllas debilidades, pero constitúen ao mesmo tempo unha oportunidade para incorporarnos de cheo na sociedade do coñecemento, que nos permitirá obter partido das economía externas latentes nas redes globais de coñecemento e innovación e posibilidade de recibir transferencias de coñecemento técnico e obter servizos persoais e empresariais en termos máis produtivos. En consecuencia, o eixe 3, centrado na sociedade do coñecemento, reúne os esforzos e recursos que nos deben dirixir, como sociedade, a una economía baseada na investigación e aplicación científica, na innovación como liña de progreso económico e patrón de desenvolvemento social, para o que un emprego das tecnoloxías moder-

nas da comunicación e información son elemento indispensable na consecución dunha sociedade aberta, dinámica e atractiva.

Como obxectivo estratéxico, a economía do coñecemento aborda un dos elementos actuais para avanzar no camiño da competitividade, o “crecemento intelixente” propio dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.

Galicia proponse impulsar a economía do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial da rexión, investindo de xeito eficaz naqueles elementos do sistema de innovación que maiores vantaxes e rendemento lle poidan achegar á economía: investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos que Galicia presenta vantaxes comparativas.

Galicia deberá ser capaz de reducir a brecha de I+D que a separa do conxunto de España e de Europa e de poñer en marcha un modelo de crecemento económico que, en lugar de basearse en actividades de escaso valor engadido e intensivas en man de obra, se fundamente na aplicación de coñecemento, innovación e tecnoloxía. Todo iso conseguirase fortalecendo a competitividade das empresas, a súa presenza internacional e o seu esforzo investigador en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do Sistema de Innovación (universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores).

O obxectivo xeral é consolidar un sistema en Galicia de I+D+i, establecendo medidas que incentiven e vertebran as actividades de investigación dos axentes do Sistema Galego de I+D, impulsando a investigación básica e a investigación e innovación aplicadas aos sectores produtivos.

En paralelo, unha das oportunidades que se lle presentan a Galicia para aumentar a competitividade radica no emprego xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Aínda que dada a dispersión do hábitat e a dimensión das empresas, a extensión das TIC en Galicia presenta certas dificultades, os equipamentos en TIC dispoñibles polas empresas, os fogares, e a propia administración facilitará a integración na sociedade da información e do coñecemento.

O desenvolvemento das TIC é soporte e panca de cambios que achega valor engadido nos terreos social, empresarial, educativo, sanitario, cultural para avance da sociedade galega.

2.5.1. OE 3.1. Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

A evolución da investigación en España e en Galicia foi moi positiva nos últimos anos nos que creceu o número de publicacións científicas indexadas internacionalmente de forma moi importante.

A investigación básica continua sendo un factor esencial para a consistencia a longo prazo dos sistemas de investigación e innovación. O debate sobre a necesidade de incrementar o peso da investigación orientada e **focalizada**, continúa vivo aínda que existe consenso en que a condición da investigación non orientada debe ter como condición a excelencia. Polo tanto, é fundamental, nos próximos anos, valorizar esta evolución positiva da investigación desenvolvendo máis proxectos que rematen en innovación. O papel que poden xogar neste sentido a especialización profesional de técnicos de investigación e innovación non é menor; así como dispoñer de maior capacidade de conectar os silos de coñecemento coas necesidades sociais e empresariais.

A relación universidade-empresa evolucionou positivamente en España e Galicia, pero

sen chegar a ser aínda pedra angular da innovación e da economía do coñecemento. É por iso que os proxectos significativos entre universidade e empresa deben crecer en cantidade, calidade e dimensión. A relación universidade-empresa xa non pode concibirse entre expertos en coñecemento e expertos en negocio. Ninguén ten o monopolio do coñecemento nin do emprendemento, e as relacións bilaterais son cada vez máis multilaterais entre universidade e empresa con fluxos de coñecemento cruzados e con iniciativas empresariais de carácter público-privado. Un novo paradigma está a emerxer, é máis complexo, menos local e máis orientado a resultados.

O sistema de innovación galego veuse construíndo durante os últimos anos desenvolvendo un conxunto de iniciativas que lle outorgaron máis complexidade que resultados (nunha liña moi similar á doutras comunidades autónomas e rexións europeas) pero constitúe unha base sobre a que despregar novas políticas de innovación sólidas e eficientes. O Sistema Galego de Ciencia e Tecnoloxía adoece dunha insuficiente cooperación entre axentes e de escasos resultados en materia de transferencia tecnolóxica e aproveitamento empresarial do coñecemento xerado. Precísase, polo tanto, o desenvolvemento de actuacións máis centradas en proxectos susceptibles de mobilizar a cooperación entre axentes e promover unha maior implicación do mundo empresarial.

Polo tanto, incrementar os procesos de innovación, racionalizar o esforzo público, implicar en maior medida as universidades na

colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resume o obxectivo do plan estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.

No conxunto, asúmese como meta cara ao 2020 que o 3 por cento do PIB de Galicia sexa investido en I+D.

Outro importante aspecto consiste na mellora da dotación da infraestrutura tecnolóxica, sobre todo nos sectores estratéxicos da economía galega contemplados no Plan galego de innovación.

Nos dous últimos anos o investimento privado en I+D+i experimentou un retroceso do 8% polo que o novo plan deberá incidir especialmente no ámbito empresarial. A execución do Plan galego de innovación (2011-2015), constituirá a ferramenta de partida imprescindible para desenvolver as políticas públicas de I+D+i, enfocado cara ao fomento da I+D+i nas empresas, e na creación e mellora de centros tecnolóxicos, plataformas tecnolóxicas, centros de competencia, e centros de excelencia científica.

Xa no terreo propio da Administración, destácase o interese pola investigación en campos de interese social como a sanidade, educación, medio ambiente, etc., coa finalidade de desenvolver criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i nestes ámbitos cara á excelencia científica e para a mellora dos servizos saúde dos cidadáns.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan galego de innovación 2011 – 2015 ➤ Programa innoempresa 	<p>561A (D. X. Invest., Desenv. e Innov.; D. X. Innov. e Ind. Agraria; D. X. Montes; D. X. Desenv. Pesq.; S. X. do Mar; S. X. de Univ.)</p> <p>561B (D. X. Invest., Desenv. e Innov.)</p> <p>741A (D. X. Invest., Desenv. e Innov.)</p>

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

A Xunta porá en marcha a Axencia Galega de Innovación co obxecto de desenvolver un conxunto de políticas públicas que lles permitan ás empresas implantar iniciativas de innovación que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento, que faciliten a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto contrastable, que permita a xestión eficiente de talento para incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de innovación, xerando mecanismos de valorización do coñecemento desenvolvido nas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia e liderando as políticas de innovación dentro da propia Administración galega.

De acordo con este marco de políticas públicas, a Axencia Galega de Innovación ten as seguintes misións:

- Mellorar a articulación e seguimento do Plan galego de innovación.
- Introducir a cultura da innovación vinculada a resultados, tanto nas empresas coma no conxunto de axentes do sistema.
- Facilitar dinámicas de innovación máis abertas e máis rápidas en chegar ao mercado.
- Xerar modelos de goberno máis simples e eficientes dos sistemas de I+D+i con capacidade de focalizar e darlle prioridade á investigación e á innovación.

- Xerar un novo modelo de valorización do coñecemento, máis orientado a unha comercialización do coñecemento eficaz, menos local e máis cooperativo.
- Introducir políticas públicas que apoiem proxectos de alto impacto (asumindo que comportan riscos maiores).
- Transformar a cultura das administracións públicas e facela permeable á propia aplicación da innovación e o emprendemento.

Coa creación da axencia preténdese impulsar un sistema de axudas menos complexo, acadar unha xestión máis dinámica e flexible destas e mellorar a articulación do tecido empresarial cos programas europeos e nacionais. Trátase de coordinar a todos os axentes implicados: entidades públicas, investigadores, promotores e inversores, coa finalidade de captar proxectos empresariais de base tecnolóxica en fase embrionaria, avalialos e preparalos para a entrada de investimento privado ata a transformación nunha realidade empresarial.

A creación da Axencia Galega de Innovación servirá como factor de racionalización dun conxunto de estruturas e plataformas, actualmente insuficientemente conexas e carentes dunha perspectiva estratéxica clara, posibilitando o dinamismo corporativo necesario para abordar as novas tarefas.

Serán obxectivos da axencia:

- Fomentar e vertebrar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.
- Apoiar o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través de estratexias e programas de innovación eficientes.
- Incrementar o rendemento do sistema **galego** de innovación.
- Vincular indicadores de impacto ás políticas de innovación.
- Aumentar a eficiencia do coñecemento xerado na universidade e centros de investigación a través de procesos de valorización eficientes.
- Desenvolver un sistema de financiamento da innovación sustentable e utilizado polas empresas como panca de innovación estratéxica nas súas prioridades corporativas.
- Aumentar o número de proxectos significativos (por dimensión e carácter estratéxico) impulsados polas empresas galegas.
- Internacionalizar iniciativas de innovación, con maior presenza das empresas galegas nos programas europeos de innovación e incrementando o factor rede de internacionalización dos proxectos de innovación impulsados ou participados por empresas galegas.

- › Conseguir que a Administración non soamente fale de innovación se non que a aplique a si mesma.

PLAN GALEGO DE I+D+i (2011-2015)

ÓRGANO XESTOR:

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Consellería de Economía e Industria.

O Plan galego de I+D+i constitúe a ferramenta imprescindible para proporcionarlle ás políticas públicas de I+D+i o pulo necesario para achegarnos aos indicadores dos países máis desenvolvidos en termos de PIB.

Neste sentido, os obxectivos prioritarios consisten en impulsar o crecemento económico social de Galicia mediante a mellora do seu capital científico e tecnolóxico, para impulsar e afianzar este sector científico e facilitar as relacións entre as universidades e as empresas.

MEDIDAS:

- › Reforzar a investigación no ámbito universitario galego e especialmente na súa aplicación aos procesos empresariais.
- › Apoio ao desenvolvemento dos centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas.

- › Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial.

- › Desenvolver proxectos de I+D+i na Administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos.

- › Promover proxectos de transferencia tecnolóxica entre empresas especialmente os de carácter transfronteirizo.

- › Accións do fondo tecnolóxico.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS:

I. Promoción dos recursos e capacidades investigadoras no sistema público de investigación

I.1. Axudas á consolidación de unidades de investigación competitivas destinadas a financiar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación do sistema público de I+D.

I.2. Axudas a grupos de investigación para a formación de novos grupos, para o seu funcionamento, así como incentivos para conseguir a cohesión de grupos de investigación consolidados e de excelencia.

I.3. Axudas ao funcionamento e incentivos para centros de investigación cunha actividade investigadora de excelencia.

- 1.4. Axudas para a organización, estruturación e consolidación de redes de referencia para sectores estratéxicos e de excelencia científica e tecnolóxica.
- 1.5. Proxectos de investigación básica para equipos de investigación de universidades e centros públicos de investigación.
- 1.6. Incentivos para proxectos do Plan nacional ou de programas europeos.
- 2. Apoio ao desenvolvemento de centros e plataformas tecnolóxicas
 - 2.1. Contratos programa para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do Sistema Galego de I+D+i, en función de obxectivos previamente establecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do noso tecido empresarial, para o cal serán avaliados a través de indicadores específicos.
 - 2.2. Axudas para o fomento da actividade dos centros tecnolóxicos, públicos ou privados, favorecendo iniciativas de colaboración conxunta entre eles, potenciando o acercamento ás entidades xeradoras de coñecemento.
 - 2.3. Impulso dos parques científicos e tecnolóxicos.
 - 2.4. Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese.
- 3. Fomento da I+D+i empresarial
 - 3.1. Proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental, realizados pola propia empresa.
 - 3.2. Axudas á creación de empresas de base tecnolóxica (IEBT).
 - 3.3. Sistematización da innovación, apoio financeiro e emprendemento.
 - 3.4. Axudas á mobilización, dinamización e sistematización da innovación.
 - 3.5. Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese.
 - 3.6. Formar técnicos de apoio á investigación, así como incorporar xectores de innovación e técnicos de apoio ao sistema de I+D+i.
 - 3.7. Fondo tecnolóxico.
- 4. Potenciar a cooperación entre os distintos axentes do Sistema Tecnolóxico de I+D+i de Galicia
 - 4.1. Promover a concorrencia de recursos e capacidade dos OPI dos centros tecnolóxicos e das empresas en obxectivos e ámbitos científico-tecnolóxicos de especial relevancia para os sectores produtivos de Galicia.
 - 4.2. Promover o desenvolvemento de masa crítica e a complementariedade en ám-

bitos de investigación innovadores e de limitada capacidade científico-tecnolóxica en Galicia, promovendo unha xestión eficiente do coñecemento e a capacidade de transferencia.

4.3. Favorecer a interdisciplinariedade e a articulación de ciclos científico-tecnolóxicos optimizando a competitividade na xeración de resultados e a capacidade de transferencia tecnolóxica.

4.4. Axudas para a realización de proxectos de transferencia e valorización de resultados de investigación en colaboración coas unidades de transferencia de resultados de investigación no SUG.

4.5. Axudas para proxectos realizados por universidades, organismos públicos de investigación, entes, centros

públicos de investigación da comunidade autónoma e empresas que actúen en coordinación como instrumentos do programa sectorial I+D.

4.6. Axudas para actividades e proxectos en termos de innovación, realizados en cooperación polas plataformas tecnolóxicas e o resto dos axentes de innovación.

4.7. Potenciar transferencias de tecnoloxía e mellora de redes de cooperación entre pemes, entre as ditas empresas e outras empresas e universidades, e centros de estudos postsecundarios de todos os tipos.

5. Plan de promoción do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia mediante a creación de empresas de base tecnolóxica: I+D+I+E

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Crear a Rede XIGA de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de apoio para innovación	Número de axentes: 50/ano
Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas	Importe proxectos financiados: 40.000.000€/ano Número de proxectos: 350/ano
Crear figuras de financiamento para os axentes de I+D+i a través de préstamos reembolsables	Importe do financiamento: 20.000.000€/ano
Plan de financiamento de centros tecnolóxicos e centros de investigación con base en contratos programa	Importe dos contratos programa: 5.000.000€/ano
Ampliación e impulso do Parque Tecnolóxico de Galicia	M ² de solo dispoñible a 2014: 1.000.000m ²

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Creación e ampliación de infraestruturas tecnolóxicas orientadas á innovación empresarial	Número de actuacións globais: 7
Financiamento de proxectos de "alto impacto" na economía galega	Número de proxectos: 6 proxectos/ano
Incentivos aos grupos de investigación de OPIS en base a resultados de transferencia	Importe incentivos: 1.000.000 €/ano
Axudas á consolidación e estruturación de unidades de investigación destinadas a financiar a consolidación e especialización das unidades de investigación do sistema público de I+D+i	Número de proxectos de I+D+i concedidos (50/ano).
Promover o desenvolvemento de masa crítica e a complementariedade en ámbitos de investigación innovadores e capacidade científico-tecnolóxica pouco articulada en Galicia e promover unha xestión eficiente do coñecemento e a capacidade de transferencia	Número de patentes xeradas Volume de contratos, proxectos e convenios das universidades con empresas (millóns de euros)
Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como fomentar a captación de talentos	Número de investigadores ou persoal contratado (60/ano)
Xestión do funcionamento das plataformas tecnolóxicas galegas no ámbito mariño	Número de plataformas tecnolóxicas que se xestionan como secretaría técnica Número de plataformas nas que se participa de forma activa
Proxectos de I+D+i en cooperación con empresas	Número de proxectos con financiamento galego Número de proxectos con financiamento do estado Número de proxectos con financiamento da comunidade europea
Axudas a posta en marcha e funcionamento das OTRI en centros de investigación de excelencia	Número de OTRI coordinadas con CETMAR
Cooperación internacional no ámbito da pesca e da acuicultura	Número de proxectos de cooperación internacional Número de encomendas feitas por organismos ou institucións para favorecer o desenvolvemento da pesca e a acuicultura no ámbito internacional

2.5.2. OE 3.2. Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, social e dos servizos públicos

A desaparición da fenda dixital que separa Galicia das rexións máis desenvolvidas é un obxectivo ou eixe transversal. Trátase de integrar a sociedade galega no novo contexto dixital e darlle pulo a unha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social e para maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega.

Para incorporar a sociedade no uso das TIC precísase de investimentos en infraestruturas tecnolóxicas, pero hai que ir máis aló, involucrando a todos os axentes no coñecemento e uso das TIC, ata conseguir un grao de alfabetización dixital que garanta oportunidades económicas, laborais e culturais.

As TIC deben desempeñar un papel importante como instrumento de compensación dos desequilibrios territoriais de Galicia. As razóns de equidade deben de ter un lugar, xunto ás de eficacia, para achegar o desenvolvemento tecnolóxico a todo o territorio. De feito, un avance significativo no emprego adecuado das TIC suporía un importante salto cualitativo na superación de moitos problemas que o illamento xeográfico ten agudizado na rexión.

Un dos aspectos máis relevantes do Plan de fomento das TIC concrétase nun proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a propia modernización da Admi-

nistración pública, ademais de constituír un demandante de produtos e servizos de primeira orde, contribuíndo ao desenvolvemento do sector en Galicia.

O Plan estratéxico tecnolóxico global da Xunta de Galicia, a denominada Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, supón a definición do modelo xeral de organización das TIC na Xunta de Galicia, que lles debe dar resposta aos novos criterios estratéxicos, orgánicos e funcionais. Así mesmo, identifica as liñas estratéxicas de desenvolvemento dos sistemas de información, das redes de comunicacións, e a súa extensión á Administración pública e a sociedade galega.

Por outra parte, o Plan director de telecomunicacións, no que se contemplan todas as necesidades de acceso aos servizos da sociedade da información de todos os cidadáns, empresas e administracións públicas de todo o territorio pertencente á comunidade autónoma, supón un despregamento de infraestruturas que lle dá resposta á situación actual de Galicia.

Unha actuación fundamental que se inicia dentro deste marco de actuacións é o Plan de sistemas e tecnoloxías de información no ámbito da Administración de xustiza en Galicia, o Plan Senda 2014, que definirá o modelo marco de sistemas de información da Administración de xustiza, e formulará unha evolución dos sistemas en función dos novos modelos organizativos da Administración de xustiza.

A creación dunha cultura en liña cos conceptos de apertura e interoperabilidade

como soportes do desenvolvemento tecnolóxico, o deseño de sistemas que garantan o correcto goberno das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a implantación de sistemas de xestión da calidade e a seguridade no ámbito das tecnoloxías da información, e o establecemento de normas e procedementos en actividades de soporte, e os procesos de certificación da calidade.

En canto ao sector empresarial, preténdese atopar espazos de liderado para potenciar o desenvolvemento do tecido empresarial da sociedade da información.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan estratéxico tecnolóxico global: Axenda Dixital de Galicia 2014.gal ➤ Plan director de banda larga 2010 – 2013 	<p>571A (<i>S. X. Modern. e Innov.Tec.; S. X. Educ. e OU</i>)</p>

**PLAN ESTRATÉXICO
TECNOLÓXICO GLOBAL:
AXENDA DIXITAL DE GALICIA
2014.GAL**

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

A Axenda Dixital de Galicia recolle a **estratexia da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías, para converter a economía actual nunha economía inte-**

lixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.

Esta nova Axenda Dixital, que está plenamente **aliñada coa Axenda Dixital Europea**, impulsará a **inclusión de Galicia no novo contexto dixital europeo** de forma definitiva no horizonte 2014; marcándose como obxectivo o reto da converxencia tamén en materia de novas tecnoloxías.

A Axenda Dixital persegue os seguintes cinco **Obxectivos Estratéxicos:**

- › **A modernización da Administración para facela máis eficiente e para achegala á sociedade** ofrecendo novos servizos e de maior valor engadido que melloren a calidade de vida dos cidadáns.
- › **A competencia dixital dos cidadáns como base esencial para un emprego de calidade**, a cohesión social e a calidade de vida.
- › **O cambio profundo**, coa panca do uso intensivo das TIC, do modelo produtivo para conseguir unha economía sustentable e innovadora.
- › **A transformación e articulación dos axentes do hipersector TIC para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores chave para Galicia.**
- › **O despregamento de infraestruturas de telecomunicación para a vertebración territorial e como catalizador da innovación** e a captación de investimento.

Tendo en conta estes obxectivos, a Xunta de Galicia marcouse os seguintes **Compromisos**:

- › **Crear emprego e riqueza** (polo que este Plan tamén está relacionado co Obxectivo Estratéxico 2.4: “Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas acti-

vas e preventivas no mercado laboral galego”).

- › Impulsarase a creación, **só no sector da economía de coñecemento** ou hipersector TIC, de **máis de 12.000 empregos ata 2014**, pasando do 1,6% ao 2,5% da poboación ocupada.
- › Potenciarase a transformación do **sector da economía do coñecemento para aumentar a súa actividade económica en 800 M€** máis para o 2014, pasando do 4,8% ao 6% do PIB, e iniciando así a senda de **converxencia con España e con Europa** no que representa este sector para a economía dun país.
- › **Construír unha administración máis eficiente e próxima** (polo que este Plan tamén está relacionado co Obxectivo Estratéxico 5.1: “Acadar unha Administración moderna e próxima, que optimice os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizar o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación”).
- › A Xunta de Galicia reducirá nun 25% o gasto anual en TIC, **aforrando así 30M€ cada ano a partir do 2014** e dedicando eses cartos a accións de investimento no marco que define esta Axenda Dixital.

lizador da competitividade do resto de sectores e da modernización da administración.

É obxectivo da Axenda Dixital impulsar o hipersector TIC, de forma que sexa un soporte á competitividade do país, á vez que se consolide como un sector internacionalizado e cun peso significativo na economía galega.

Este impulso pasa polo aliñamento dos esforzos de todos os axentes deste sector -universidades, centros tecnolóxicos, empresas,... - para crear un círculo virtuoso entre oferta e demanda TIC, convertendo a este sector en tractor do resto de sectores estratéxicos grazas a ou uso das TIC e tamén en beneficiario da demanda tecnolóxica.

L6: POLÍTICAS DE TELECOMUNICACIÓNS

O impulso das infraestruturas de telecomunicacións para dar soporte á Sociedade da Información é outro dos obxectivos da presente Axenda Dixital.

As infraestruturas de telecomunicacións constitúen a canle de acceso de cidadáns e empresas aos servizos avanzados da Sociedade da Información, e é por iso que resulta necesario dispor dunha rede destas infraestruturas moderna e sustentable que garanta o acceso a novos servizos e que contribúa así ao desenvolvemento económico e ao progreso do noso país.

L7: MEDIDAS INSTRUMENTAIS, DE SEGUIMIENTO E DE COOPERACIÓN


Por último, una séptima liña, que da soporte ao desenvolvemento das anteriores. Nesta liña, a Xunta de Galicia como elemento dinamizador do sector TIC rexional pretende establecer unha política de austeridade e simplificación de estruturas organizativas, de tal forma que se transforme nunha administración áxil, de confianza e segura.

Neste sentido, tamén dentro desta liña, e para buscar o máximo aliñamento e coordinación, e por tanto sinerxías e aforro de custes, adquire unha clara relevancia a necesidade do desenvolvemento das necesarias actuacións de coordinación e liderazgo integrador no marco das actuais vías de cooperación no eido tecnolóxico con concellos e deputacións, traballando así por consolidar unha Axenda Dixital Única para Galicia

2014.gal Axenda Dixital de Galicia está totalmente aliñada co **Plan Estratégico Galicia 2010 -2014 Horizonte 2020**. Todas as liñas estratéxicas de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia teñen un importante impacto nos eixos de actuación definidos no mesmo.

Deste xeito queda patente a importancia da Axenda como mecanismo facilitador da cohesión social, do benestar e á calidade de vida dos galegos e da xeración de emprego de calidade, e como impulsor de unha economía baseada no coñecemento e unha administración austera, eficiente e máis próxima ao cidadán.

Tamén se converterá nun instrumento chave da competitividade, capaz de dinamizar a nosa economía, impulsar o seu crecemento e fomentar o emprego sustentable.



A execución da Axenda Dixital de Galicia conta cunha dotación orzamentaria de máis

de 935 Millóns de euros de fondos públicos ata o 2014.

Actuación	Ano	Investimento
	2010	163.706.588€
	2011	196.559.089€
	2012	203.459.089€
	2013	203.109.089€
	2014	168.759.089
	Total 2010.2014	935.759.089€

No entanto, trátase dun plan de todos e para todos, no que se integrarán tamén os esforzos privados. Preténdese conseguir un efecto multiplicador dos investimentos públicos mediante unha importante achega económica por parte dos axentes privados.

O investimento privado inducido estímase na orde dos **700 millóns de euros**, fundamentalmente no despregamento de novas infraestrutura de telecomunicación, polo que finalmente o esforzo conxunto destinado ao desenvolvemento da Sociedade da Información roldará os **1.600 millóns de euros**.

PLAN DIRECTOR DE BANDA LARGA 2010 – 2013

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica en colaboración cos departamentos TIC de todas as consellerías da Xunta.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este plan busca posibilitar o acceso á banda larga a toda a sociedade galega, como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia, situándoa entre as rexións de referencia no desenvolvemento das novas tecnoloxías e infraestruturas para a sociedade da información.

No plan contéplanse todas as necesidades de acceso aos servizos da sociedade da información de todos os cidadáns, empresas e administracións públicas de todo o territorio pertencente á comunidade autónoma.

O seu obxectivo é estender as novas tecnoloxías e infraestruturas de telecomuni-

cacións de banda larga aos cidadáns, organismos públicos e tecido empresarial de Galicia, con especial foco naquelas zonas máis desfavorecidas ou desatendidas:

- reducir o desequilibrio territorial na cidadanía.
- impulsar o sector empresarial mediante o uso das novas tecnoloxías de banda longa como dinamizadoras económicas e xeradoras de competitividade e innovación.
- incentivar a participación dos distintos axentes implicados.
- impulsar a modernización dos servizos públicos.
- motivar a coordinación dos distintos organismos públicos para a unificación de esforzos e maximizar o seu impacto.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	Porcentaxe de incremento da poboación con acceso a banda larga (94% da poboación con acceso en 2013).
Promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pemes, como a carpeta do cidadán, ou centros de información, que incrementen a accesibilidade aos servizos das administracións públicas	Porcentaxe de incremento de aplicacións e servizos nas administracións públicas de Galicia 100% das subvencións tramitadas por vía telemática no 2013 70% documentación con entrada no rexistro dixitalizada en 2012
Mellora da competitividade das empresas a través da promoción das TIC, principalmente entre pemes e autónomos	Número de empresas que fomentan a competitividade do tecido empresarial a través das TIC 100% das oficinas de farmacia con receita electrónica en 2011 80% das empresas con facturación electrónica en 2013
Desenvolver plataformas que permitan a constitución de redes empresariais de transferencia de coñecementos, cooperación de carácter galego e/ou internacional	Número de plataformas constituídas
Intensificar o uso das TIC na Administración e nas relacións entre administracións que aumenten a produtividade e axilien os procedementos	Incremento dos servizos dispoñibles a través da rede: 100% dos procedementos administrativos entre a Xunta e os concellos con tramitación telemática en 2012 100% das salas de vista dos xulgados con sinatura dixital en 2011 Centros educativos dixitais no 2013 > 1000
Implicar os medios de información públicos de Galicia na difusión das TIC, o emprego interno destas, e na conformación dun clúster galego do audiovisual	Número de campañas de difusión Constitución clúster